

Convenio de adhesión

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2017

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo AGADIC), con **C.I.F: Q-6550009-B** e enderezo Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n 15707 de Santiago de Compostela; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais. (Por delegación, en virtude da Resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra banda, **Carmen Basadre Vázquez** con NIF ... , en calidade de representante legal e responsable de programación da entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** con domicilio para estes efectos na **Concello de Lugo. Praza Maior, 1 Lugo CP: 27001** e con CIF **P-2702800-J** titular do teatro/auditorio **Auditorio municipal Gustavo Freire**.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídico-legal suficiente para obrigarse, na representación que ostentan, e a tal fin formalizan por medio deste documento un Convenio de adhesión para a súa colaboración mutua

Dito documento enmárcase na programación específica do Circuito de programación estable da **AGADIC** denominado **Rede Galega de Teatros e Auditorios (no sucesivo, RGTA)** ; polo que de común acordo subscriben as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio de adhesión, de conformidade coa proposta de programación presentada pola entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** é a realización do programa de actuacións para o semestre de referencia, que se deberá desenvolver no teatro ou auditorio **Auditorio municipal Gustavo Freire** e que de seguido pasa a detallarse, coas condicións especificadas posteriormente (todo isto segundo o establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 e publicada no DOG núm. 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios

PR	DATA	HORA	COMPAÑIA	ESPECTÁCULO	LUGAR	AGADIC	ESPAZO
PA	16-02-2017	20:30	ILMAQUINARIO TEATRO	Resaca	Auditorio Municipal Gustavo Freire	377.20 €	4,022.80 €
PA	31-03-2017	12:00	Eme2 emoción&arte	GET BACK	Auditorio Municipal	3,419.40 €	2,279.60 €

PA	01-04-2017	20:30	Eme2 emoción&arte	GET BACK	Gustavo Freire Auditorio Municipal Gustavo Freire	2,279.60 €	1,424.75 € + 40 % bill.
PA	25-04-2017	20:30	MOENDO MUIÑEIRAS	MOENDO MUIÑEIRAS	Auditorio Municipal Gustavo Freire	1,863.40 €	798.60 €
Total:						7,939.60 €	8,525.75 €

(* Cantidades con impostos engadidos)

SEGUNDA.- A contratación efectiva de cada grupo, compañía ou persoa, consonte a programación e coa contraprestación económica recollida na táboa superior, será competencia da AGADIC e da entidade, **Auditorio municipal Gustavo Freire** de conformidade cos respectivos importes consignados nas columnas e as cantidades totais consignadas na parte inferior. Existe o crédito adecuado e suficiente previsto para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 10 A1 432B 6401 do proxecto de orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2017. Os contratos tramitaranse como anticipados de gasto, e quedarán condicionados á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender ás obrigas derivadas da contratación.

TERCEIRA.- A entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** comprométese ao aboamento das contías estipuladas para cada actuación, así como á achega da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo de cada actividade contratada (luz, son, persoal de carga e descarga,...), conforme co establecido no rider técnico presentado polas compañías xunto coa súa proposta de participación na programación da **Rede Galega de Teatros e Auditorios**. Para poder levar a efecto estes compromisos, a entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** deberá reunir todas as condicións técnicas necesarias para a celebración satisfactoria da actividade ou actividades previamente programadas, consonte coa Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como coa Resolución do 28 de febreiro de 2011 e publicada no DOG núm. 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

CUARTA.- Os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de representacións/actuacións no que estea inscrito, así como os gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos corresponderanlle á entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire**

En ningún caso a AGADIC adquire, coa sinatura deste documento, ningún tipo de relación laboral nin coa entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** nin co persoal que se atope ao seu servizo, sendo por conta desta o cumprimento de calquera obriga fiscal, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo. Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

QUINTA.- Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se realice, as partes comprométense **a facer mención**

expresa da mutua colaboración.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia. Así como o logotipo da Rede Galega de Teatros**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, nos actos de comunicación pública levados a cabo débese facer constar expresamente **a colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)** no desenvolvemento das actividades conveniadas.

SEXTA.- A AGADIC comprométese ao pagamento das cantidades estipuladas para cada actuación, para o que será necesaria a presentación por parte da compañía do certificado da realización da función, asinado e selado pola entidade e polo representante da compañía, modelo colgado na páxina de xestión: www.galescena.info, e que lle será facilitado pola entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** á compañía unha vez esta conclúa a actividade. A entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** remitirá a información sobre públicos e facturación en formato electrónico a través da páxina www.galescena.info, nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración da actuación.

SÉTIMA.- As partes asinantes deberán cumprir cas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2006, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes. Así mesmo entidade acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro da Xunta de Galicia.

OITAVA.- O incumprimento do estipulado no presente convenio, en particular no referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración, dos espazos escénicos nos que se desenvolva o espectáculo, do aboamento efectivo das cantidades consignadas no cadro de programación, do establecido en relación cos prezos mínimos ou das obrigas de entrega das certificacións da realización das funcións e da remisión electrónica da información sobre públicos e facturación serán motivos de resolución inmediata do mesmo, con independencia das indemnizacións que por danos e perdas lle correspondan.

NOVENA.- Non se programará ningunha actividade do Circuíto con motivo de ou so pretexto doutra actividade de calquera tipo (premios, cursos, concursos, encontros, festivais, ...) na cal se poida intercalar ou incluír, sen o consentimento explícito e por escrito da **AGADIC**, co fin de non desprazar o obxectivo de acrecentar e fomentar programacións estables nos concellos e entidades xestoras de espazos escénicos, ou de atrasar ou menoscabar o traballo dos actuantes do Circuíto, ou de crear confusión entre as institucións asinantes deste convenio e aquelas outras institucións ou entidades que participen na/s actividade/s mencionada/s anteriormente.

En todas aquelas funcións das compañías adscritas á **RGTA** que se realicen no recinto indicado, ofreceranse invitacións de protocolo á **AGADIC** nun número proporcional ao número de asentos da sala, teatro ou espazo escénico onde se represente o espectáculo ou espectáculos programados, e sen que en ningún caso poida ser inferior a CINCO nin superior ao 5% do aforo da mesma.

DÉCIMA.- Este convenio quedará sen efecto e anulado, e non dará dereito a reclamación ou indemnización de ningún tipo no caso de incumprimento polas causas de forza maior establecidas legalmente. Para estes efectos, consideraranse como casos fortuítos ou de forza maior os seguintes: catástrofes naturais, incendios, actos vandálicos e de terrorismo que afecten ao normal desenvolvemento do espectáculo, folgas, loito nacional e avarías que afecten ao servizo ou subministración eléctrica.

DÉCIMO PRIMEIRA.- No prazo máximo de seis meses a partir da finalización das actividades a que se contrae este convenio , a entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** deberá ter liquidadas e satisfeitas en todo caso as obrigas que tivera pendentes en calquera dos ciclos integrantes da **RGTA** coas compañías participantes, ate o segundo semestre do exercicio anual inmediatamente anterior. O incumprimento deste requisito poderá ser causa suficiente para a baixa e exclusión directa do Circuíto da **Rede Galega de Teatros e Auditorios**

Se transcorrido o primeiro semestre do novo ano a entidade non aboara calquera dos pagamentos comprometidos ate o segundo semestre do ano anterior, a **AGADIC** poderá cancelar as actuacións previstas por este membro para o segundo semestre do novo ano, sen que isto exima á entidade **Auditorio municipal Gustavo Freire** do aboamento das actuacións realizadas no primeiro semestre, no suposto de que se levaran a efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado neste convenio, e segundo o previsto no artigo 6.3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Comité Técnico establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios asume as funcións da comisión mixta de coordinación e seguimento das actuacións levadas a cabo para a consecución dos obxectivos fixados no presente documento. En consecuencia, as cuestións xurdidas sobre a súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, polo citado Comité.

DÉCIMO TERCEIRA.- O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia. As posibles controversias ou discrepancias na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolveranse por diálogo directo entre as partes, ou ben polo Comité citado na estipulación 11ª; e, en caso de persistir estas e de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas que se poidan derivar na súa interpretación, desenvolvemento e execución ao coñecemento dos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso- administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao que xurda a cuestión litixiosa.

E en proba de conformidade co anteriormente exposto, esténdese o presente documento, por duplicado exemplar, que é asinado polas partes no lugar e data indicados no encabezamento, quedando cun exemplar cada unha delas.

O Director de AGADIC

O/A representante da entidade

Jacobo Sutil Nesta

Carmen Basadre Vázquez

(P.D. do Presidente do Consello Reitor da Agadic, DOG 29/8/2012)